

## Organización das prácticas do Curso de Monitor de Tempo Libre 2021

Concluída a formación teórica do Curso de Monitor de Tempo Libre, establécese o seguinte calendario de actividades a desenvolver en Coristanco, en colaboración coa Concellería de Cultura e Deportes de Coristanco.

### Obxectivos

- Adquirir destrezas na organización e animación de actividades de lecer con rapaces de 8 – 12 anos.
- Descubrir as posibilidades que ofrecen os xogos de animación para a educación e participación social.
- Recuperar xogos e xoguetes tradicionais
- Descubrir os recursos do medio para desenvolver actividades formativas e de lecer

### Lugares de actuación:

Propoñémonos actuar nestes 4 lugares, por ser puntos nos que se poden reunir máis participantes:

- San Roque
- Erbecedo
- Agualada
- Rececinde

### Organización:

- O horario de actividades será de 18,30 a 20,30 horas o días asignados para cada lugar
- Os monitores encargados da actividade estarán distribuídos por equipos de 3 – 4 persoas coordinados por un xefe de equipo, que serán os encargados de dirixir e animar as actividades.
- A cada un dos lugares asistirán, os días indicados tódolos alumnos do curso MTL para desenvolver en pequenos grupos o programa de actividades.
- Respetaranse as normas establecidas pola normativa Covid

---

Concellería de Cultura e Deporte

Concello de Coristanco

(Xoga, socializa e aprende)